



CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 – 15817 BOIMORTO- Teléfono: 981 516 020 – Fax: 981 516 045
e-mail: correo@boimorto.es

Descrición Decreto: Nomeamento persoal laboral temporal dous peóns e un tractorista para o Programa de integración laboral da Deputación provincial mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais para o ano 2019

DONA MARIA JESUS NOVO GOMEZ ALCALDESA PRESIDENTA DO CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Vista a proposta de nomeamento de dous peóns e un tractorista para o Programa de integración laboral da Deputación provincial mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais para o ano 2019 subvencionado no marco das Bases do Programa de Integración Laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de A Coruña de menos de 20.000 habitantes publicadas no BOP núm. 26 do 06/02/2019 e BOP núm. 34 do 18/02/2019, e dacordo coas bases da convocatoria decreto de alcaldía núm. 171/2019 de data 22/04/2019, e segundo consta na acta do Tribunal cualificador de data 05/06/2019.

Vista a resolución número 2019/11950 do 02/04/2019 polo que se aproba a concesión definitiva de subvencións correspondente ao Programa de Integración Laboral (PEL- CONCELLOS) mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia de menos de 20.000 habitantes durante o exercicio 2019 (BOP núm. 26 do 06/02/2019 e BOP núm. 34 do 18/02/2019).

Esta Alcaldía no uso das atribucións outorgadas legalmente no marco das competencias da Alcaldía sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de bases do réxime local polo presente **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear como peóns para execución de obras e servizos mínimos municipais a Javier Montero Vázquez con DNI XXX2699XX e Jesus Luis Sanda Codesido con DNI XXX7866XX e como tractorista para execución de obras e servizos mínimos municipais a Gendo Liñeira Casal con DNI XXX8678XX.

Condicionase a formalización do contrato en aplicación da base dez da convocatoria á presentación polo interesados da seguinte documentación:

-Fotocopia (que debera presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Documento Nacional de Identidade.

-Fotocopia (que debera presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) do Título esixido.

-Fotocopia (que debera presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) de permiso de conducir B para o posto de tractorista.

-Fotocopia (que debera presentarse xunto co orixinal para o seu cotexo) dos méritos alegados na fase de concurso.

-Declaración xurada de que non foi separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin encontrarse inhabilitado/a para o exercicio da función pública

por sentencia firme.

-Declaración xurada de non encontrarse incurso en ningunha causa de incapacidade e incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente e referido o momento da súa toma de posesión.

-Certificado médico oficial, acreditativo de non padecer enfermidade ou minusvalía que impida exercer-la función propia a desenrolar.

SEGUNDO.- Formar bolsa de traballo cos seguintes candidatos segundo o sinalado na base doce da convocatoria aprobada por decreto de alcaldía núm. 171/2019 de data 22/04/2019 :

PEÓNS:

1.- JOSE MANUEL VARELA BUDIÑO CON DNI XXX9792XX (12,06 PUNTOS)

2.-GUSTAVO ADRIAN FANALE CON DNI XXX5351XX (10,23 PUNTOS)

3.- ROSA M.^a CARRILLO RAMOS CON DNI XXX8485XX (9,90 PUNTOS)

4.- ROBERTO MATOS FUENTES CON DNI XXX9132XXM (9,36 PUNTOS)

TERCEIRO.- Notificar persoalmente o presente decreto aos seleccionados indicados no apartado primeiro e comunicar aos servizos administrativos para que se tramite presentada a documentación requerida a alta dos traballadores na seguridade social e se asine e rexistre os contratos con efectos de alta 11/06/2019.

CUARTO.- Colgar este decreto na páxina web do Concello e no taboleiro de edictos aos efectos oportunos.

Decretoouno a Alcaldía, Boimorto á data da súa sinatura dixital, do que eu Secretario deste Concello, dou fe e traslado

A Alcaldesa - Presidenta

Dou fe, o secretario

Asdo.- MARIA JESUS NOVO GOMEZ

Asdo.- JORGE BOADO FERNÁNDEZ